

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 14 DE FEBREIRO DE 1995.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día catorce de Febreiro de mil novecentos noventa e cinco; ás doce da mañá xúntanse os señores Concelleiros membros da Comisión Municipal de Goberno que de seguido se sinalan para celebraren unha sesión extraordinaria oportunamente convocada: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Xosé Prieto Pérez, Don Xosé Antonio Rodríguez Vázquez.- Non asiste Don Ricardo González Amaro.

Está presente o Secretario accidental do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

UNICO.- ACORDO DE ACOLLERSE O DECRETO 353/1994, DO 2 DE DECEMBRO DA CONSELLERIA DE ECONOMIA E FACENDA DE COOPERACION COAS ENTIDADES LOCAIS PARA 1995.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, e a fin de dar cumprimento ás estipulacións do Decreto 353/1994 do 2 de Decembro considera oportuno modificar tanto a denominación da obra como a súa propia definición para que non existan dúbidas respecto das accións que se pretenden, claramente tendentes a realizar obra nova, no eido da iluminación pública. Deste xeito foron redactados novos documentos, modelos 1 e 1 bis que aproba esta Comisión de Goberno e, acordando tamén por unanimidade, acollerse ó devandito Decreto.

E sendo as doce e cuarto da mañá, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.